

Superturonio

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
IES TERRA DE TURONIO

Benvidas Benvidos a un novo curso

Empeza o primeiro curso escolar do século XXI e este boletín que tedes nas vosas mans, que saíu á luz o curso pasado, vai achegarvos as novas que teñan que ver coa nosa lingua e a nosa cultura.

Lembra ademais que estas páxinas están a vosa disposición para publicar aquelas creacións (contos, poemas, debuxos, bandas deseñadas ou avisos) que queirades dar a coñecer. Animádevos e deixádeos na caixa de correo de SUPERTURONIO que está no mostrador de secretaría.



Xa demos conta en anteriores boletíns da declaración por parte da Unión Europea deste ano como o Ano Europeo das Linguas Podes saber todo o que desexes sobre este

2001 ANO EUROPEO DAS LINGUAS

evento en: <http://www.eurolang2001.org/eyl/common/AboutEYL9.asp?LANG=PT>

E ademais en relación con este acontecemento contamos neste boletín a viaxe que fixeron algúns dos nosos compañeiros a Barcelona.

Viaxe a Barcelona

Este ano o novo curso comezou coa ausencia dalgúns alumnos de 3º e 4º (do ano pasado) que estaban de viaxe a Barcelona xunto cos profesores *Santiago Veloso* e *David Piñeiro* e que representaron ao noso instituto nun acto do *Ano Europeo das Linguas*. Velaí o relato do que fixeron.

DIARIO DA VIAXE

- MÉRCORES 19 DE SETEMBRO

Sáímos de A Ramallosa ás 20 hs. Cargamos os xilófonos, os atrás e as frutas xunto cos agasallos que nos deu a OMIX de Gondomar e o Concello. En Vigo subiron os colegas do *IES de Coruxo*, os do *IES Luís Seoane de Pontevedra* (co gaiteiro *David* que nos botou unha man na nosa interpretación), os *da Escola Árvore de Porto* e os da *Escola Secundaria Cal Brandao*, tamén da cidade do Porto. Case se encheu o autobús e seguimos camiño a Pontearreas, onde subiron os da *Escola Secundaria de Melgaço* e os do *IES Pedra da Auga* (con *Xabier Prado*, o artífice de toda a viaxe, á cabeza).

- XOVES 20

Despois de moitas horas de autobus fixemos unha parada en Zaragoza ás nove da mañá do día seguinte, e ás catro da tarde chegamos a Barcelona. Primeiro visitamos o fermoso *Parque Güel* e logo fixemos o primeiro ensaio. A verdade é que quedamos impresionados uns dos outros das cousas diferentes que cada instituto preparara e do bonito que resultaba.

Despois en autobús volvemos atravesar a cidade para dirixirnos á estación de Sants, o punto de encontro coas fami-



lias que nos acollerían nas súas casas. Xa anoitecía. Para moitos de nós, esta era o momento máis emocionante da viaxe, ¿ como sería a familia que nos acollería?

- VENRES 21

Ao día seguinte fomos ao *Instituto Joan Pelegrí*, ao que pertencían os nosos anfitrións. Asistimos a algunhas clases, entre elas á de catalán. A media mañá apareceron



os nosos profes e xuntámonos para ir a unha clase a interpretarlles o Himno Galego. Repartímoslle a letra en galego e catalán (VID última páxina) E como estaban tan animados tamén o cantamos en catalán. Despois fomos en metro ata a Praza de España; tiñamos unha recepción no Instituto

Municipal de Educació, onde nos deron a benvida en nome do *Concello de Barcelona* e do *Comité UNESCO* de Catalunya. Os profesores entregáronlle agasallos de todos os concellos para o Concello de Barcelona. Puxéronnos uns pinchos e ao rematar, fomos comer a *Monjuit*.

Pola tarde, os de Gondomar baixamos ás *Ramblas* para asistir en directo ao programa *La Ventana* de *Gemma Nierga*. ¡Vaia sorpresa ! estabamos ao lado dela vendo e escoitando como falaba co enviado ao Festival de Cine de San Sebastián. De repente, do control saíu unha persoa que lle preguntou aos profes se había algún alumno a quen lle gustase moito o cinema. E alí sentaron a *Iván Valencia* cuns auriculares ao lado de *Gemma Nierga*. E sen case darse conta alí estaba *David* falando de Intelixencia Artificial e do Planeta dos Simios. Pero cando xa rematara de falar con David, e parecía que xa non ía suceder nada máis interesante, de repente dá media volta e preguntáanos que viñemos facer a Barcelona, se viñeramos cantar. ¡E tocounos cantar!. Para toda España, o Himno Galego en directo, no programa de máis audiencia da radio española. Lástima que uns minutos antes se nos esgotase a batería da cámara de vídeo. Pero...¡temos a gravación !...



E para maior gloria, agasalláronnos cuns carteis e unhas camisetas.

Ao saír da emisora, quedamos coas respectivas familias para ir cear e, como o día fora redondo, había que rematalo da mellor maneira posible. ¿Como? Pois indo á Praza de Catalunya ao concerto de *Manu Chao*. Queda-

mos alí cos profes, nunha boca do metro, e a verdade é que foi un lío para toparnos, pois debera quedar alí á mesma hora a metade de Barcelona. Ao día seguinte a prensa falaba de máis de 80.000 persoas no concerto. ¡¡Impresionante!!

- SABADO 22

Este día case todos estivemos nas casas dos nosos colegas. Aínda así, algúns fomos aos xardíns do Museo Marés onde estabamos todos os días convidados a chocolate con churros, como todos os artistas das *Festas da Mercé*, e pola noite, decidimos ir ao concerto de *La Oreja de Vang Goh*.

- DOMINGO 23

O domingo era o día da nosa actuación. Lucía un sol radiante e no Paseo de Gracia, había un gran número de persoas paseando e tomando o sol.

Despois de case dúas horas de actuación baixo un forte sol recollemos todo e fomos no autobus a unha praia das aforas da cidade para intentar comer unha paella popular. Viñan con nós a *Conce-*





lleira de Educación de Vigo e a Concelleira de Servicios Sociais de Pontevedra.

Pola tarde fomos co profesor David a visitar o templo da *Sagrada Família*. Para os que tiñamos vertixe foi toda unha proba de aguante, subir por aquelas torres afiadas coma agullas. Mentres, outros profes e a Concelleira asistían

a unha recepción no Concello de Barcelona. Parece ser que *o Alcalde de Barcelona*, *Joan Clos*, gravou unha mensaxe para todos nós.

- LUNS 24

O luns era o día da *Mercé* (as festas grandes de Barcelona) e pola mañá, despois de vernos na chocolatada, fomos á praza do Concello para ver os “castellers”, esas torres de persoas de ata 10 alturas. É impresionante pórse ao lado, sobre todo se algunha se cae cerca, como recolleu unha das nosas cámaras. (FOTO). Este día, as familias de Barcelona teñen a comida familiar “ao grande”, así que case todos compartimos mesa e mantel cos nosos anfitrións.

Pola noite, tocaba despedirnos de Barcelona, pois ao día seguinte regresabamos ás 7 da mañá. Nada mellor que asistir ao espectáculo de música, auga, luz e fogos artificiais nas fontes *da Praza de España*. Todo un espectáculo. A nosa estancia en Barcelona non podía ter un mellor final

- MARTES 25

O martes desde as 7 da mañá o autobús foi recollendo a cada grupo no seu punto e as bágoas espaxábanse por cada unha das paradas. Por diante, máis de 15 horas de viaxe. As xentes vendimando na Rioxa adiantábanos que o soño estaba rematando. As 11 da noite, chegabamos á Ramallosa...

A Orquestra



SONIA GARCÍA

“ A viaxe resultou ser todo o contrario do que pensei que sería. (...) Pero o acontecemento máis significativo foi cando cantamos na radio o Himno Galego en directo que para ser a primeira vez non o fixemos nada mal. Pero mellor saíu a nosa actuación para a que nos preparamos tanto tempo e que tivemos éxito. Dende o primeiro día ata o último non paramos de vivir experiencias e recordos que xamais esqueceremos”.

GORKA OYA

“ ...tamén aprendemos a movernos ben pola cidade: coller o metro, andar avispados para que non te rouben nada, moverse ben polas beirarrúas...xa que para moitos de nós as cidades resúltannos un pouco descoñecidas”.



IVÁN LÓPEZ

“ Foi unha experiencia que valoro moi positiva dende o punto de vista humano polo que supuxo de convivencia con rapaces doutras comunidades e linguas diferentes e polo achegamento a outras culturas.”



DIANA OTERO

“A viaxe a Barcelona pareceume moi interesante porque coñecín a xente nova e tamén lugares novos. Foron moitas horas de autobús pero valeu a pena.”





FELIPE PENEDO

“ Pareceume moi interesante facer unha viaxe a Barcelona. Fixemos novos amigos e aprendimos a convivir con outra xente.(...) Os colegas que foron con nós eran moi divertidos. Eran de dous colexios de Portugal, de Ponteareas, de Coruxo e de outros sitios...”

VÍCTOR VILLAR

“ ...O que máis me asombrou quizá foron as fontes de cores “ bailando “ ao son da música. Vimos moitas cousas, como o concerto de Manu Chao e ...incluso chegamos a tocar o Himno Galego na cadena Ser de




IVÁN VALENCIA

“ Eu non esperaba pasalo tan ben pois pensaba que me ía sentir un pouco extraño pero a familia na que estiven era moi simpática. Barcelona é moi agradable e ten moitas cousas bonitas. O que máis me gustou do que visitamos foi o parque Güell e a Sagrada Familia”.

ARANZAU PRADO

“ En Barcelona paseino moi ben, coñecín xente nova, fixen amigos e amigas. No autobús tamén fixemos amigos e pasámolo moi ben “.



TANIA VILLAR

“...Despois chegou a actuación e cando íamos cantar nós os turonios, colaboraron todos os alumnos e alumnas dos outros centros veciños, os nosos “familiares” e ata o público, que aplaudía con entusiasmo.(...) A verdade é que explicar todo con palabras fáieme imposible porque aquilo realmente é ¡IMPRESIONANTE!”

Hino Galego.

Os Pinos.

¿ Que din os rumorosos
na costa verdescente,
ao raio transparente
do prácido luar ?
¿ Qué din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compassado
monótono fungar ?
Do teu verdor cinguido
e de benignos astros
confin dos verdes castros
e valeroso chan;
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.
Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
ao noso rouco son.
Mais só os ignorantes
e féridos e duros
imbéciles e escuros
non nos entenden,non.
Os tempos son chegados
dos bardos das idades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois onde quer xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.

Letra: Eduardo Pondal

Música: Pascual Veiga

Himne gallec

Què diuen els remorosos
de la costa verdejant
al clar transparent
de la plácida lluna?

Què diuen les altes copes
de fosques agulles arpejants
amb son ben compassat
monòton fresseig ?

De ta verdor cenyida
i de benignes astres
al confí dels verds *castros*
i coratjós solar,
no deixis per l'oblit
l'aspra rancúnia de la injúria;
desvetlla t' del teu son,
oh! llar de Breogán.

Els bons i generosos
la nostra veu entenen,
i ambadalits escolten
el nostre rústec so,
tan sols els ignorants,
i cruels i durs,
imbècils i obscurs
no ens entenen, no.

Els temps han arribat
dels bardos de l'antigor,
que vostres incerteses
un bell final tindran;
car pertot arreu, gegant,
la nostra veu pregona
la redempció de la bona
nació de Breogán.